

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Bases reguladoras do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2018

Na sesión celebrada o día 15 de decembro 2017, a Xunta de Goberno acordou aprobar as **Bases reguladoras do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2018**, que se transcriben de seguido.

A Coruña, 15 de decembro de 2017

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

O SECRETARIO

José Luis Almau Supervía

Ref.: Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais

Exp.: 2017000018662

Bases reguladoras do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2018

Base 1. Liñas xerais

O Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2018 convócase ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e que no seu art. 31, establece que as Deputacións proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios e o Decreto 148/2014 polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Neste ano realizaranse as seguintes modificacións:

1) Contías. Normalízanse os importes dos módulos para cada unha das seguintes categorías de persoal adscrito aos servizos sociais: persoal administrativo grupo C1 ou C2 (módulo I), persoal técnico A2 (módulo II) e persoal técnico A1 (módulo III). Os novos importes dos módulos recóllense na base 4.

2) Xornada dos módulos I, II e III. A normalización do módulo supón que calquera concello que tivera concedida media xornada poderá solicitar a xornada completa de calquera persoal.

3) Persoal administrativo. Todos os concellos poderán solicitar este módulo.

4) Persoal técnico. Os concellos que non teñen asignado ningún dos dous módulos II e III no cadro incluído na base 12, poderán solicitar a ampliación de financiamento para un destes dous módulos a xornada completa ou media xornada. Non obstante, estas solicitudes só poderán ser atendidas cando o importe total das desistencias totais e parciais de financiamento que se derive das solicitudes presentadas supoña a existencia de crédito suficiente e se reúnan os requisitos recollidos nas bases.

5) Persoal auxiliar SAF libre concorrência. O módulo do persoal auxiliar SAF libre concorrência (módulo IV) calcularase en función das horas prestadas polos concellos, establecéndose unha achega provincial por hora. O importe máximo do módulo IV para cada concello calcúlase con base nas horas prestadas no último exercicio completamente xustificado (exercicio 2016).

O programa financiarase en 2018, con cargo ao crédito disposto na partida 0611/231.21/46201 do Orzamento desta Deputación.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, o programa tramitarase de xeito telemático a través da plataforma electrónica de tramitación de subvencións SUBTEL, á que se pode acceder a través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña. A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento.

Base 2. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerá este programa está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público .
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2018 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro de 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.
- Lei 3/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 148/2014 polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004.
- Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias do 5 de novembro de 1992, BOE núm. 22, do 15 de setembro de 2011.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 , BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

Base 3. Obxecto

O obxecto do programa é a asistencia económica ás entidades locais na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios dando preferencia aos servizos mínimos que son os servizos comunitarios básicos establecidos na Lei 13/2008 do 3 de setembro.

A Deputación provincial subvencionará os profesionais dos servizos sociais comunitarios distintos do perfil profesional do/a traballador/a social, que se regula no artigo 37 do Decreto, conforme aos módulos recollidos nos que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 ou C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrència (SAF libre concorrència).

Base 4. Módulos de financiamento para a prestación dos servizos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018

Para a cuantificación das achegas establécense módulos referidos ao cofinanciamento dos salarios e seguridade social de persoal adscrito a Servizos Sociais e ao financiamento do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrència.

Os **gastos subvencionables** corresponden cos seguintes contas recollidas no Plan Xeral de Contabilidade

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas SAF libre concorrència)
629	Comunicacións e outros servizos (contratacións externas SAF libre concorrència)

Base 4.1. Módulos I, II, III

Os gastos financiados dentro destes módulos corresponden os conceptos de salarios e seguridade social nas seguintes contías:

Módulo I. Persoal administrativo grupo C1 ou C2: 18.000 €

Módulo II. Persoal técnico A2: 22.000 €

Módulo III. Persoal técnico A1: 26.000 €

Todo o persoal para o que se solicite a achega deberá estar adscrito aos Servizos Sociais e estará vinculado aos servizos e/ou programas sociais comunitarios.

Deberá terse en conta que a intervención profesional nas familias, no marco do servizo de educación e apoio familiar só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo, de maneira que forme parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios, tal e como se establece no art. 21 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As desistencias totais ou parciais (no caso de solicitar media xornada) nos importes dos módulos I, II ou III establecidos na base 12, constatadas nas solicitudes presentadas poderanse ter en conta en convocatorias de anos posteriores (base 7)

En sucesivos exercicios, dentro da limitación orzamentaria, respectarase a contía recibida no exercicio anterior para o financiamento destes módulos.

Base 4.2. Módulo IV: Persoal auxiliar do SAF libre concorrència

Considérase SAF libre concorrència aquel que se presta a persoas que non teñan recoñecida a condición de dependencia ou que, aínda tendo a condición de dependente, non teñen concedida a prestación do servizo e accedan ao servizo en réxime de libre concorrència.

Os gastos financiados serán os correspondentes cos conceptos de salario, seguridade social e desprazamentos do persoal auxiliar do SAF libre concorrència.

Este servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta, mediante contrato ou encomenda da xestión.

Para a cuantificación da contía máxima deste módulo IV establécense unha achega de 12,00 € por hora prestada de servizo, tendo en conta para o cálculo as horas efectivamente prestadas no último exercicio xustificado (2016) segundo as certificacións subministradas por cada un dos concellos relativas ás horas prestadas do SAF libre concorrència no ano 2016 e, no caso dos Concellos de Ordes, Oroso e Frades, segundo a certificación achegada pola Mancomunidade de Ordes.

En sucesivos ejercicios, dentro da limitación orzamentaria, poderase ter en conta o aumento das horas prestadas no último exercicio xustificado ou, cando menos, respectarase a contía recibida no exercicio anterior (sempre que non se produza unha minoración das horas prestadas no servizo).

Base 5. Entidades destinatarias

De acordo co disposto no artigo 31.3 do citado Decreto 99/2012 do 16 marzo, este programa vai dirixido ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, polo que as entidades destinatarias das achegas son os Concellos e Corporacións locais con menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña, comprendendo os supostos nos que os servizos sexan prestados por xestión directa ou, se é o caso, por xestión indirecta mediante contrato ou encomenda da xestión.

As mancomunidades intermunicipais, agrupacións ou fusións que constitúen entidades instrumentais dos concellos e que exercen as competencias delegadas por aqueles poderán ser destinatarias sempre que a poboación do conxunto de concellos non supere os 20.000 habitantes.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades locais

6.1. Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo. Excepcionalmente poderase modificar o enderezo oficial, de forma xustificada, coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A persoa que ocupe a Alcaldía ou Concellería en que delegue.
- A persoa que ocupe a Secretaría.

6.2. Teren aprobada a última conta xeral que legalmente sexa exixible e presentada perante os órganos de control externo.

6.3. Estaren ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións e autoriza á Deputación para que poida obter as certificacións da administración tributaria correspondente e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

6.4. Se o importe da subvención provincial no módulo IV é superior a 60.000 € a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos realizarase conforme ás normas de aplicación á contratación das Administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para o concurso ou poxa e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

6.5. En canto ao módulo do persoal auxiliar de axuda no fogar, a entidade solicitante comprométese a que nas novas contratacións terase en conta o disposto no art. 201 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

6.6. A entidade local comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

6.7. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, tamén na súa páxina web.

6.8. A entidade local comprométese a que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña estará en lingua galega e terá en conta a perspectiva de xénero.

6.9. As entidades locais adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos da Deputación provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande nun prazo de 10 días. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local deste programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

6.10. Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional

ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6. 11 Cumpriren todos os compromisos e requisitos especificados nesta convocatoria

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

A adhesión das entidades locais constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que aquelas que non presenten a solicitude no prazo sinalado entenderase que renuncian a participar no programa.

As solicitudes presentaranse a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL) e producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

7.2. Documentación

A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou concelleira/o en quen delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa en quen delegue.

As entidades locais interesadas en participar neste programa deberán achegar a seguinte documentación segundo os modelos fornecidos na plataforma de subvencións, e manifestar expresamente a asunción das obrigas e compromisos establecidos no programa mediante a sinatura dixital do seu representante legal na solicitude:

7.2.1. Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática da solicitude de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo, se é o caso, as certificacións).

7.2.2. Certificación da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa esixible e da súa presentación perante os órganos de control externo, asinado dixitalmente pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou concelleiro/a en quen delegue ou documento acreditativo.

7.2.3. Certificación do acordo de adhesión do órgano competente da entidade local, asinado dixitalmente pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. No modelo fornecido na plataforma de subvencións.

7.2.4. Cadro de orzamento e financiamento previstos dos servizos sociais comunitarios obxecto do programa, asinado dixitalmente pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. No modelo fornecido na plataforma de subvencións.

No caso do persoal dos módulos I, II e III, o orzamento previsto para este persoal só poderá contemplar gastos de retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local. No módulo IV ademais de incluírse os gastos polos mesmos conceptos do persoal auxiliar do SAF libre concorrência poderán engadirse os gastos de desprazamento do dito persoal.

7.2.5. No caso, en que a entidade desista na solicitude total ou parcial dun dos módulos I, II ou III que tiña asignados na base 12, deberán achegar un documento aclaratorio que indique os motivos da desistencia e se estes motivos teñen carácter temporal ou definitivo, o que se poderá ter en conta para a elaboración das vindeiras convocatorias. Se non se presenta este documento, entenderase que o concello non precisa deste financiamento e suporá a eliminación total ou parcial do módulo ou módulos afectados en convocatorias posteriores. Documento fornecido na plataforma de subvencións.

7.2.6. No caso de aqueles concellos que na base 12 non teñen asignado financiamento para ningún dos dous módulos II e III, poderán presentar unha solicitude de ampliación de financiamento nun dos módulos.

7.2.7. Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da administración tributaria correspondente e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

7.2.8. Se o importe da subvención provincial no módulo IV é superior a 60.000 €, compromiso de que no caso de efectuar **novas contratacións con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos, durante o período subvencionado**, esta contratación realizarase conforme coas normas de aplicación á contratación das administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para o concurso ou poxa e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

7.2.9. Compromiso de que no caso de efectuar **novas contratacións con terceiros durante o período subvencionado para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos**, do SAF libre concorrência terase en conta o disposto no art. 201 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

7.2.10. Compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

7.2.11. Compromiso de faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual e tamén na súa páxina web) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados.

7.2.12. Compromiso a que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña estará en lingua galega e terá en conta a perspectiva de xénero.

7.2.13. Compromiso de cumpriren os requisitos da convocatoria

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8. Financiamento dos módulos e determinación do importe da achega provincial

O cadro das achegas distribuídas por entidades locais, módulo e contía máxima que figura na base 12 deste programa.

O importe da achega á entidade local determinarase tendo en conta o seguinte:

1. As entidades locais só poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos que se lle indican na base 12, que corresponden ao persoal previsto no programa do ano 2016 e, no seu caso, as ampliacións sinaladas na base 1. 3).

2. No caso dos módulos I, II e III, as entidades que teñan asignado módulos para este persoal (ver base 12) poderán solicitar o módulo a xornada completa ou a media xornada. Neste último caso reducirase á metade o importe do módulo.

No caso en que o persoal realice tarefas noutros departamentos, deberá solicitarse o módulo cunha contía proporcional á dedicación da súa xornada aos servizos sociais. Non obstante, para poder ser concedido o módulo, a dedicación aos servizos sociais do/a profesional deberá supoñer un equivalente en tempo ao 50% dunha xornada completa como mínimo.

3. A percepción destas axudas é incompatible con calquera outra subvención da Deputación da Coruña para os mesmos conceptos.

4. A achega da Deputación é compatible coa percepción doutros ingresos que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade de entidades públicas, privadas ou das persoas usuarias, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún módulo o importe total do gasto previsto.

No caso de que o importe da achega provincial indicada na base 12 xunto coa suma doutros ingresos previstos para o financiamento dun módulo supere o importe do gasto previsto para o mesmo módulo, minorarase a achega provincial no importe necesario para corrixir o exceso de financiamento

5. No caso do módulo IV, persoal auxiliar SAF libre concorrência, ademais do disposto no parágrafo anterior, se a entidade ten unha previsión de horas a prestar inferior ao recollido na base 12, deberase reducir a achega no dito módulo, tendo en conta o número de horas previstas e a achega provincial de 12 €/hora.

6. Nos supostos en que os servizos sexan prestados por mancomunidades intermunicipais, agrupacións ou fusións con menos de 20.000 habitantes, a contía da achega provincial será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

Base 9. Tramitación do programa

Á vista das solicitudes presentadas polas entidades locais, o presidente da Deputación aprobará mediante resolución o programa coa concesión das achegas correspondentes ás entidades solicitantes que correspondan e desestimarás as solicitudes daquelas entidades locais cuxa solicitude non se axuste ao establecido nas bases e/ou nos modelos fornecidos na plataforma de subvencións e non emendara as deficiencias no devandito prazo.

Sempre que os desestamentos, totais ou parciais, nas contías que figuran asignadas para cada concello no cadro incluído na base 12, supoñan dispoñibilidade de crédito suficiente, poderase ampliar o financiamento para o ano 2018

dun módulo II ou III aos concellos que soliciten a dita ampliación no exposto na base 1. Estas ampliacións recolleranse na citada resolución.

A resolución da aprobación do programa coa concesión das achegas correspondentes ás entidades solicitantes de conformidade co establecido no artigo 45 da citada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Conforme co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaranse ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.

Base 10. Pagamento e xustificación

10.1 Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o **28 de febreiro de 2019**, ás 14:00 horas.

Excepcionalmente poderase solicitar unha prórroga antes do 31 de xaneiro 2019, ás 14:00 horas. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a dita solicitude pola Sección de Servizos Sociais e a Intervención, poderá concederse prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2019 ás 14:00 horas. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

Se non se achega a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), requirirase a entidade beneficiaria para a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional levará aparellada a perda da achega provincial e, no seu caso, o reintegro das cantidades anticipadas.

A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que correspondan coa gradación indicada na base 11 deste programa.

10.2 Consideracións xerais

As subvencións aboaranse do seguinte xeito:

a. 50% da subvención en concepto de anticipo prepagable, logo da notificación da concesión e previa comprobación de que a entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningún anticipo do plan para o financiamento dos servizos comunitarios de anos anteriores e que cumpre coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social, e coa Deputación Provincial da Coruña

b. 50% restante tras a xustificación da completa execución do programa, tendo en conta o seguinte:

- Os pagamentos xustificados deberán acadar en cada módulo o da achega da Deputación Provincial da Coruña.
- Cando o importe dos pagamentos xustificados non alcance o importe determinado na resolución de concesión para o módulo, e sempre que se respectara a xornada do persoal (nos módulos I,II,III) ou as horas establecidas na dita resolución (módulo IV), a achega provincial reducirase ata o importe dos pagos xustificados.
- No caso en que se reduza durante o ano 2018 a xornada do persoal (módulos I,II,III) ou as horas prestadas (módulo IV) respecto das establecidas na resolución de concesión, reducirase proporcionalmente a achega do módulo afectado.
- Cando a achega da Deputación, xunto cos outros ingresos que obteña a entidade beneficiaria supere nalgún dos módulos o importe total dos gastos efectivamente xustificados, minorarase a achega provincial no importe necesario para evitar o exceso de financiamento, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.

10.3 Documentación xustificativa

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e praxe da alcaldía/ presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

10.3.1. Certificación de ingresos e pagamentos (segundo modelo fornecido pola Deputación) na que conste a seguinte información:

a. O persoal que conste adscrito aos servizos sociais comunitarios da entidade local obxecto deste programa especificando a súa categoría profesional, tipo de xornada, % de dedicación aos servizos sociais cando sexa distinta do 100%, o

seu nome, apelidos e NIF, salvo no caso da subcontratación dos servizos do módulo IV no que se fará constar a denominación e NIF da persoa física ou xurídica que lle factura o servizo e o número de auxiliares.

No caso do módulo IV, horas de servizo prestadas indicando as horas prestadas polo persoal propio e as prestadas polo persoal subcontratado, se é o caso.

b. Os pagamentos efectuados durante o ano 2018 ao persoal dos módulos I, II e III polas retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local ou, no caso de que o servizo sexa xestionado indirectamente mediante algunha das formas establecidas na lexislación de contratos do sector público.

c. Os pagamentos efectuados durante o ano 2018 polas retribucións brutas, seguros sociais con cargo á entidade local e gastos de desprazamento do **persoal auxiliar do SAF libre concorrència** e/ou no caso de que o servizo sexa xestionado indirectamente, total pagado ao contratista que presta estes servizos polos mesmos conceptos.

d. O importe de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para cada un dos módulos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, así como dos ingresos das persoas usuarias.

10.3.2. Memoria técnica xustificativa dos servizos sociais comunitarios obxecto do programa efectivamente prestados, asinada pola alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue que fará constar o nome, apelidos e NIF do persoal técnico responsable do programa e da elaboración da memoria (**Segundo modelo fornecido pola Deputación**).

10.3.3. Relación de persoas usuarias do servizo SAF libre concorrència que conteña cando menos os seguintes datos (válido o modelo do Plan concertado): DNI; idade; sexo; problemática/motivo; data de alta; data de baixa; capacidade económica; número total de horas prestadas decreto; % copagamento decreto; % axustada a tramo decreto; Importe anual aplicado axustado ao decreto s/n, atencións recibidas. **Será asinada pola alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue que fará constar o nome, apelidos e NIF do persoal técnico responsable do programa e da elaboración da memoria.**

10.3.4. Se o importe da subvención provincial no módulo IV é superior a 60.000 €, declaración de que cumpre co disposto na base 7.2.8 para as **contratacións con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos, durante o exercicio 2018 ou, pola contra, de que non se efectuaron novas contratacións durante o período sinalado.**

10.3.5. No caso en que a achega provincial sexa superior a 60.000 € no módulo IV, declaración de que nas novas contratacións do SAF libre concorrència efectuadas no período subvencionado utilizaron os pregos de condicións xerais da Deputación.

10.3.6. Declaración de que nas novas contratacións do SAF libre concorrència efectuadas no período subvencionado tomaron as medidas oportunas para garantir que os contratistas apliquen o convenio colectivo vixente ao persoal auxiliar de axuda no fogar.

10.3.7. Declaración na que se dea conta do cumprimento da obriga, á que se refire a base 6, de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual e tamén na páxina web).

